



VIVIANE

A ARTISTA

Esta cantante de orixe francesa inicia a súa carreira en 1990 formando con Tó Viegas o grupo Entre Aspas, co que traballaron durante quince anos e publicaron varios discos. No 2005 inicia a súa carreira en solitario con *Amores imperfeitos*, e dous anos despois, *Viviane*. No 2008 homenaxea ao poeta Ary dos Santos en *Rúa da Saudade*, con tres grandes cantoras, Mafalda Arnauth, Susana Félix e Luanda Cozetti. Deste proxecto sae no 2009 un CD titulado *As canções de Ary*. O terceiro CD, no 2011, *As pequenas gavetas do amor*, como unha das voces máis carismáticas da música contemporánea portuguesa. O cuarto álbum, *Dia Novo* (XANGO, 2014) tivo excelentes críticas. No 2015, para celebrar os seus dez anos de carreira en solitario, sae un "Best of" titulado *Confidências* que reúne as mellores cancións da súa discografía.

VIVIANE CANTA A EDITH PIAF

Acompañada por Tó Viegas na guitarra acústica, por Filipe Valentim no piano e Bruno Vítor no contrabaixo, e coa participación especial do acordeonista João Gentil, Viviane lévanos visitar algúns dos maiores éxitos de Edith Piaf. Temas como *La vie en rose*, *Padam Padam*, *Non, je ne regrette de rien*, *Sous le ciel de Paris*, *Milord ou Mon Dieu* entre outros, marcados por historias de amor e traxedia, integran un espectáculo repleto de emoción. Percorreremos os anos 40-50 nun ambiente ben parisiense. Ao longo desa viaxe musical, Viviane resérvanos varias sorpresas para facer deste espectáculo unha noite absolutamente única.

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

CONFIDÊNCIAS

Unha sonoridade única carismática e singular da música contemporánea portuguesa, Viviane, a medio camiño entre o Fado e a Chanson francesa, para celebrar os dez anos de carreira en solitario editou un "Best of" titulado *Confidências* que reúne as mellores cancións da súa discografía, e inclúe un novo tema, "Fado do beijo" e unha versión do tema "Cantoras do rádio" interpretado por Carmen Miranda no 1936.

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

VIVIANE: Voz

TÓ VIEGAS: Guitarra acústica

BRUNO VÍTOR: Contrabaixo

FILIFE VALENTIM: Piano

JOÃO GENTIL: Acordeón



75'



TODOS OS PÚBLICOS